

A migración galega en Alemaña: unha análise dende a Lingüística Migratoria e a Glotopolítica

Marta Estévez Grossi
Leibniz Universität Hannover
marta.estevez.grossi@romanistik.phil.uni-hannover.de

Resumo

Os datos oficiais sinalan que entre 1955 e 1988 pasaron pola República Federal de Alemaña ao redor de 800 000 migrantes con nacionalidade española. Aproximadamente un 20% dos/as cales era de orixe galega, constituíndose así como o segundo grupo en número dentro do colectivo español (Leib e Mertins 1980). Con esta contribución quixera analizar as prácticas lingüísticas da comunidade galega en Alemaña tanto dentro da propia comunidade galega e da comunidade hispanofalante na que esta se circunscribe como con respecto á sociedade alemá. A análise está baseada no modelo lingüístico migratorio de Gugenberger (2007, 2018), se ben tamén se prestará especial atención ao papel asumido polas institucións creadas ou apoiadas polo réxime franquista para a asistencia dos/as emigrantes na súa calidade de axentes glotopolíticos. Para isto, tomarei a migración galega a partir dos anos 1960 na cidade de Hannover —un dos centros urbanos da RFA que recibiu máis migración española— como exemplo paradigmático.

Palabras clave: migración galega á República Federal de Alemaña, Lingüística Migratoria, Glotopolítica

1. Introducción

A partir da década de 1950 o Goberno da República Federal de Alemaña (RFA) comezou a asinar acordos bilaterais con diferentes Estados ao redor do Mediterráneo para contratar man de obra estranxeira que lle permitise materializar o seu *Wirtschaftswunder* ou milagre económico alemán. No ano 1960, a sinatura do acordo bilateral entre o Goberno do Estado español e o Goberno da RFA marcou o inicio oficial da que se deu en chamar a primeira vaga migratoria española á RFA. Entre o ano 1955 e 1988 calcúlase que pasaron pola RFA aproximadamente 800 000 migrantes de nacionalidade española (Sanz Díaz 2009: 168-169), dos/as cales ao redor dun 20 % era de orixe galega. A comunidade galega na RFA, xa que logo, constituíuse como o segundo grupo en número dentro da migración española, só por detrás do colectivo andaluz (Leib e Mertins 1980: 199).

Seguindo o ideoloxema¹ imperante na época de “un Estado, unha lingua, unha nación” (Narvaja de Arnoux e del Valle 2010: 12), nin a RFA nin os propios países de orixe (como é o caso de España pero tamén Italia ou Turquía, por nomear algúns) foron conscientes ou estiveron dispostos a recoñecer a realidade plurilingüe (e pluridialectal) dos/as migrantes. Á súa chegada á RFA, os/as migrantes de orixe galega eran por tanto comprendidos/as como falantes de español debido á súa nacionalidade; a meirande parte deles/as, porén, era en realidade galegofalante con competencias activas en español de carácter limitado.

Dado que na RFA a migración se concentrou en torno ao ámbito urbano e industrial (Leib e Mertins 1980: 204; Muñoz Sánchez 2012: 31; Sanz Díaz 2005: 11), os/as migrantes galegos/as tenderon a relacionarse e organizarse ao redor das asociacións de migrantes

¹ O termo ideoloxema, proposto orixinalmente por Angenot (1982: 179-182) designa aqueles “lugares comunes, postulados o máximas que, pudiendo realizarse o no en superficie, funcionan como presupuestos del discurso” (Narvaja de Arnoux e del Valle 2010: 12).

—rexionais e suprarrexionais— e das estruturas creadas mediante o (apoio do) Estado español. O contacto con migrantes doutros lugares do Estado español estaba por tanto asegurado. Así, os/as migrantes galegos/as víronse confrontados na migración na RFA con dúas linguas diferentes —español e alemán—, configurándose desta maneira una constelación ou “lugar” trilingüe —galego, español e alemán—. O estudo deste contexto trilingüe resulta especialmente interesante dende unha perspectiva lingüística. O obxectivo desta contribución será, pois, analizar as prácticas lingüísticas da comunidade galega en Alemaña, en tanto que comunidade lingüística minorizada, dentro da propia comunidade galega e da comunidade hispanofalante na que esta se circunscribe e con respecto á sociedade alemá. Os marcos teóricos empregados serán o da Lingüística Migratoria e da Glotopolítica.

Esta contribución circunscríbese dentro dun estudo máis amplo (Estévez Grossi 2017c), baseado nas prácticas comunicativas da comunidade galega da cidade de Hannover, unha das principais cidades alemás en número de migrantes de orixe española (Muñoz Sánchez 2012: 31). A parte empírica do traballo susténtase sobre 22 entrevistas narrativas e biográficas baseadas na Historia Oral que se realizaron con máis de 30 informantes entre novembro de 2012 e outubro de 2014 en Hannover e arredores e na cidade de Vigo. A metade das entrevistas realizouse con migrantes galegos/as que chegaran á RFA na década de 1960 e 1970 e que aínda vivían na zona de Hannover ou que retornaran a Galicia. A outra metade realizouse con expertos/as, entre os que se atopaban asistentes/as sociais, traballadores/as das institucións españolas, mestres/as de español como lingua materna enviados dende España, médicos/as e sindicalistas entre outros/as. As entrevistas con expertos/as, que adoitaban ser máis obxectivos/as á hora de avaliar a situación lingüística dos/as migrantes, permitiron contrastar a información ofrecida polos membros da comunidade galega. A estratexia de entrevistar expertos/as para triangular a información dos/as informantes tense utilizado noutras investigacións lingüísticas con bos resultados (*cf.* Nelde 1979).

A información recollida nas entrevistas foi flanqueada con observacións participantes, que permitiron examinar o comportamento lingüístico dos/as migrantes no eido familiar e en varias asociacións de migrantes, cunha extensa revisión bibliográfica e co baleirado de arquivos —o Arquivo da Emigración Galega en Santiago de Compostela e mais o Hauptstaatsarchiv Hannover (arquivo estatal de Hannover) e o Stadtarchiv Hannover (arquivo municipal de Hannover) na cidade de Hannover—. O contraste dos datos recollidos durante as entrevistas con membros da comunidade e expertos/as, as observacións participantes, a revisión bibliográfica e o baleirado de arquivos permitiu unha certa triangulación da información.

O marco de análise foi a Análise Cualitativa do Contido e, en concreto, o método temático o estruturador do contido —en alemán *inhaltlich strukturierende qualitative Inhaltsanalyse*— proposto por Kuckartz (2014a)². Por motivos de espazo no poderá afondarse máis aquí na metodoloxía seguida no estudo. No entanto, pode atoparse unha descrición pormenorizada en Estévez Grossi (2017a).

2. Análise glotopolítica

A Glotopolítica é, mais que unha disciplina en si mesma, un campo disciplinario (Narvaja de Arnoux 2000) ou unha perspectiva (del Valle 2017) dende a que estudar de maneira interdisciplinar o binomio lingua e política. O concepto, tal e como concibiron Guespin e Marcellesi, neutraliza a oposición entre *langue* e *parole* e ten como obxecto de estudo as diferentes formas nas que unha sociedade actúa sobre a linguaxe. Para estes autores, pois, a

² Esta obra está traducida e publicada en inglés, *cf.* Kuckartz (2014b).

Glotopolítica é necesaria para "abranguer todos os feitos da linguaxe na que a acción da sociedade revista a forma do político" (Guespin e Marcellesi 1986: 5, tradución propia).

O contexto histórico e político no que ocorreu a migración galega en Alemaña tivo unhas claras consecuencias nas prácticas lingüísticas do colectivo e é, por tanto, susceptible de ser analizado en clave glotopolítica. Para esta parte da análise resulta clave a existencia dun claro ideoloxema compartido pola sociedade de orixe e de destino, como é a concepción da migración como fenómeno temporal e orientada ao retorno dos/as migrantes. Esta conceptualización da migración, tamén asumida polos/as propios/as migrantes, tivo unhas indubidables consecuencias políticas que afectaron as prácticas lingüísticas dos/as migrantes.

A política inmigratoria da RFA estivo marcada pola filosofía do *Gastarbeit*. Apoiada no principio de rotación da man de obra estranxeira, a RFA comprendía os/as inmigrantes como "traballadores/as invitados/as", que non deberían de ficar máis dun par de anos na migración. En consecuencia, o Goberno da RFA amosou durante décadas unha clara indiferenza cara a integración lingüística e social dos/as seus/súas inmigrantes (Sauvêtre 2000: 44). Proba disto é o feito de que non fora ata o ano 2000 que Alemaña recoñeceu oficialmente ser un país de inmigración e que a primeira lei de inmigración, con medidas en materia de integración lingüística, non chegara ata o ano 2005, 50 anos despois de asinar con Italia o primeiro convenio bilateral para a contratación de man de obra estranxeira.

Para o Réxime de Franco, pola súa parte, a RFA configurábase como o destino ideal de emigración. Por unha banda, o fomento do que moitos/as autores/as deron en chamar "o mito do retorno" aseguraba a inquebrantable unión entre os/as migrantes con España e por tanto o envío de divisas (cf. por exemplo de la Fuente Rodríguez 2003: 154; Pascual de Sans 1993; Sanz Díaz 2005: 13). Pola outra, e a diferenza do que o ocorría en Francia, a RFA non contaba cun colectivo importante de exiliados/as republicanos/as que puidese influenciar politicamente os/as emigrantes laborais (Muñoz Sánchez 2012: 34). O Réxime de Franco, no entanto, temía a influencia política e ideolóxica que puidera exercer a sociedade e, en concreto, os sindicatos alemáns sobre os/as seus/súas emigrantes. Deste xeito, o Goberno español creou ou apoiou unha serie de estruturas na órbita da Igrexa católica e das institucións diplomáticas españolas para asistencia aos/ás emigrantes. Estas institucións tiñan o dobre obxectivo de asistir aos/ás españois/las no exterior e de exercer un control ideolóxico e relixioso sobre eles/as (Sanz Díaz 2006: 71), fomentando ademais activamente que o colectivo español permanecese cohesionado e non tivese demasiado contacto coa sociedade local (Muñoz Sánchez 2012: 33-36).

Por último, cómpre non esquecer á propia comunidade galega na RFA, que partía á emigración convencida do seu pronto retorno. Esta forte orientación ao retorno implicaba que os/as migrantes concentraran os seus esforzos en conseguir os maiores ingresos no menor tempo posible, de xeito que adoitaban asumir traballos adicionais e realizar horas extra (Gualda Caballero 2001: 98; Sanz Lafuente 2006: 48), o cal non deixaba demasiado tempo ou enerxía para outras actividades. A distancia estrutural entre o alemán e o galego ou castelán, ademais, era un factor adicional que dificultaba a adquisición da lingua alemá e desalentaba o contacto entre os/as migrantes e a sociedade de destino migratorio.

3. Análise lingüístico migratoria

A Lingüística Migratoria ou Lingüística da Migración é unha subdisciplina dentro da Lingüística Aplicada que aspira a "describir y explicar todas las situaciones comunicativas encontradas por un individuo migrante" (Kluge 2007: 70); isto comprende tanto a análise das dinámicas e dos procesos lingüísticos orixinados nun contexto migratorio coma o estudo das transformacións identitarias que experimentan os/as migrantes e as súas estratexias aculturativas (Gugenberger 2018: 57 e ss.; Stehl 2011: 39-41). A Lingüística Migratoria está

moi vencellada a outras subdisciplinas dentro da Lingüística Aplicada como poden ser a Sociolingüística, a Lingüística de Contacto ou a Lingüística Areal. O elemento innovador vén de considerar a mobilidade dos/as falantes como elemento central nos procesos lingüísticos que estuda (Gugenberger 2018: 55-56; Krefeld 2004: 18; Stehl 2011: 43). Isto permite adoptar unha nova perspectiva sobre o obxecto de estudo que pode levar a ampliar conceptos xa estudados ou, incluso, a descubrir novos fenómenos que puideron pasar desapercibidos (Gugenberger 2018: 56; Stehl 2011: 43; Zimmermann e Morgenthaler García 2007: 11, 13-14).

Para a análise lingüístico migratoria, Gugenberger (2007, 2018) crea un modelo para describir a práctica comunicativa e o comportamento lingüístico do individuo ou da comunidade migrante tendo en conta a (transformación da) identidade na migración. Para isto, Gugenberger adopta unha perspectiva interdisciplinar e basea o seu modelo no concepto de aculturación, propio da Psicoloxía Social, e no de hibridación, propio dos Estudos Culturais, (Gugenberger 2007: 22-23). O concepto de aculturación enténdese aquí como hiperónimo das diferentes posibilidades de adaptación lingüística, cultural e identitaria que poden seguir os/as migrantes ao entrar en contacto con outros grupos culturais e lingüísticos (Gugenberger 2018: 105 e ss.).

Gugenberger adapta o modelo de estratexias de aculturación do psicólogo Berry (1996) dende unha perspectiva lingüística, de maneira que distingue entre catro estratexias aculturativas diferentes ás que poden tender os individuos migrantes. A estas estratexias aculturativas engádeselles o concepto de hibridez, xa que estas se entenden como tipos ideais que dificilmente poden existen na realidade de maneira pura (Gugenberger 2018: 117). A continuación se bosquexarán aquí de maneira resumida as particularidades lingüístico-identitarias que caracterizan cada estratexia (Gugenberger 2007: 33-36, 2018: 241-244):

- Asimilación: implica a adquisición da lingua ou variedade da sociedade de destino migratorio e a perda das competencias lingüísticas na lingua ou variedade de orixe, de xeito que o individuo pode converterse nun(ha) "rusty speaker" da súa propia lingua. O/a migrante móvese en redes lingüístico-sociais nas que utiliza de maneira practicamente exclusiva a lingua da sociedade de destino ben por desexo propio, ben porque non existe unha comunidade de migrantes da súa mesma orixe no lugar no que se atopa.
- Integración: implica a adquisición da variedade da sociedade de destino e a conservación da variedade de orixe. O/a migrante móvese en redes lingüístico-sociais que lle permiten adquirir e/ou manter as variedades de orixe e de destino.
- Separación: implica o mantemento da variedade de orixe e a non adquisición ou adquisición de maneira rudimentaria da variedade da sociedade de destino migratorio. O/a migrante móvese en redes lingüístico-sociais compostas eminentemente por migrantes, cos/as que comparte unha mesma lingua ou variedade.
- Oscilación: implica a perda de competencias na variedade de orixe que non reverbera nunhas maiores competencias na variedade de destino migratorio. Esta estratexia adoita ocorrer nun estadio transitorio no que o/a falante non quere ou non se dá decidido por ningunha das dúas variedades, o cal pode levar á exclusión lingüística e a un sentimento de "sprachliche Heimatlosigkeit" ou perda da patria lingüística.

A análise en Lingüística Migratoria permitiu categorizar os/as informantes de orixe galega que participaron no estudo segundo as estratexias aculturativas ás que máis se aproximaran. Con este fin, tivéronse en conta as súas competencias lingüísticas en galego, castelán e alemán, a composición das súas redes lingüístico-sociais e as opinións, actitudes e conceptualizacións acerca da sociedade de destino e orixe alén da propia comunidade migrante. Por cuestións de

espazo centrareime aquí nas dúas primeiras variables: as competencias lingüísticas e as redes lingüístico-sociais.

No marco deste estudo non foi posible avaliar as competencias lingüísticas dos/as informantes de maneira obxectiva. Dado que o proxecto estivo baseado en entrevistas narrativas de carácter biográfico, estimouse que sería contraproducente realizar unha proba de idioma en alemán ou preguntar explicitamente pola lingua inicial dos/as informantes, pois estes/as poderían consideralo como un acto ameazador para imaxe, o cal danaría potencialmente o clima de confianza necesario para a condución das entrevistas baseadas na Historial Oral. Foi necesario, xa que logo, conseguir esta información a través de estratexias alternativas.

Co obxectivo de descubrir a lingua inicial dos/as informantes tivéronse en conta 1) a mención explícita do galego como lingua inicial ou de dificultades co castelán e 2) o uso do galego durante as entrevistas ademais de 3) os datos biográficos e 4) os datos estatísticos de carácter sociolingüístico sobre a poboación galega. O contraste destes parámetros permitiu establecer o galego como lingua inicial de maneira unívoca en 10 dos/as 15 informantes mentres que o castelán puido identificarse como a lingua inicial dunha única informante. Pódese consultar unha descrición máis pormenorizada da análise da lingua inicial en Estévez Grossi (2017b).

En canto ás competencias en alemán, a análise glotopolítica permitiu xa amosar que os/as migrantes eran pouco proclives á aprendizaxe da lingua alemá debido, en gran parte, ás medidas tomadas polos Gobernos da sociedade de orixe e destino (ou a ausencia delas). A análise do corpus permitiu confirmar que o ideoloxema do retorno tivo unha gran influencia sobre os individuos e a súa adquisición da lingua alemá. Aquelas persoas cunha maior orientación ao retorno, en xeral, adquiriran a lingua alemá de maneira rudimentaria, mentres que as persoas cunha menor orientación ao retorno e, por tanto, un interese activo na aprendizaxe da lingua alemá presentaba maiores competencias nesta lingua. A nivel de colectivo, a análise amosou que as competencias en alemán da maioría dos membros da comunidade foron de carácter limitado, o cal é consistente cos estudos dispoñibles sobre as competencias en alemán da migración española na RFA (Delgado 1966: 78-80; Martínez Veiga et al. 2000: 344). En Estévez Grossi (2016) descríbese máis detalladamente a análise das competencias en alemán.

O segundo eixo de análise que presentarei aquí é o das redes lingüístico-sociais, factor que diversos/as autores/as coinciden en sinalar como imprescindible en toda análise lingüístico migratoria (Gugenberger 2018: 229-230; Krefeld 2004: 54-55). Tal e como se amosou na análise glotopolítica, os Gobernos tanto da sociedade de orixe coma de destino incentivaron mediante a acción ou inacción que os/as migrantes permanecesen entre si. Así, as institucións españolas na migración e as opcións de asistencia e de lecer que estas organizaban, ademais dos servizos relixiosos en lingua española, convertéronse nun punto de encontro para a comunidade. Alén diso, os/as migrantes crearon as súas propias asociacións de emigrantes de carácter rexional —como o Centro Galego ou a Peña Flamenca— ou suprarrexional —como o Club Juvenil— ademais de diferentes locais gastronómicos, moitos dos cales reúnen aínda a día de hoxe a boa parte do colectivo. A nivel laboral, as empresas ás que chegaban os/as migrantes adoitaban ocupar seccións con traballadores/as estranxeiros/as e preferentemente da mesma nacionalidade (Sanz Lafuente 2009: 431). En canto á concentración dos/as migrantes nos núcleos urbanos, na cidade de Hannover os/as migrantes de orixe española concentráronse ao redor do barrio Linden-Süd (Becker 2016: 136-137), coñecido hoxe en día como o barrio español de Hannover. A nivel familiar, a comunidade galega estivo caracterizada pola endogamia: todos/as os/as informantes membros da comunidade e de 1.^a xeración tiñan unha parella de orixe galega, a excepción dunha única persoa cuxa parella era portuguesa.

A análise demostrou que a comunidade galega dispuña de redes lingüístico-sociais que lle permitían seguir a utilizar as variedades lingüísticas propias. Mediante a análise das entrevistas

e das observacións participantes púidose comprobar que a lingua galega continuou e continúa a ser a lingua de comunicación na parella e co grupo de pares. Porén, e ao igual que ocorre en ámbitos urbanos en Galicia, puido observarse unha interrupción da transmisión interxeracional da lingua galega. Neste sentido todo parece indicar que as clases de español como lingua materna ofrecidas polo Goberno español funcionaron como elemento castelanizador da segunda xeración, pois varios informantes afirmaron falarlles aos/ás seus/súas fillos/as en castelán por temor a que estes/as tivesen problemas lingüísticos na escola española.

Finalmente, os resultados da análise permiten establecer a tendencia cara a dúas estratexias aculturativas xustapostas dentro do colectivo galego estudado. Deste xeito, a 1.^a xeración de migrantes de orixe galega en Hannover tendeu maioritariamente á estratexia da separación á hora de enfrontarse á sociedade e cultura alemá; esta estratexia puido identificarse de maneira máis ou menos pura en 10 dos/as 15 informantes galegos/as que participaron no proxecto. En contraposición a isto puido identificarse unha clara tendencia á integración por parte de todos os membros da comunidade á hora de enfrontarse á comunidade española no seu conxunto. Na migración, o colectivo galego formou parte, á súa vez, da comunidade española. O contacto directo e continuado con persoas doutras rexións de España levou a unha mellora das competencias en lingua española, se ben non significou unha perda das competencias en galego, que puido continuar a ser utilizado entre os membros da comunidade galega.

4. Conclusións

Esta contribución permitiu bosquexar os patróns que rexeron o comportamento lingüístico da migración galega en Alemaña na segunda metade do século XX dende a perspectiva da Glotopolítica e a Lingüística Migratoria.

A análise glotopolítica permitiu amosar como o ideoloxema da temporalidade do movemento migratorio, compartido pola sociedade de destino e de orixe migratoria, marcou en grande medida as políticas en materia lingüística e de aculturación dos/as migrantes que aplicaron ambos Estados. Isto tivo fondas repercusións no comportamento lingüístico do colectivo. A inexistencia de medidas para a aprendizaxe do alemán ou a integración social dos inmigrantes por parte da RFA viuse complementada pola creación dunha serie de institucións por parte do Réxime de Franco para a asistencia dos/as seus/súas emigrantes e tamén o seu control ideolóxico. Isto fomentou que os/as migrantes permanecesen entre si e non tiveran demasiado contacto coa sociedade alemá.

A análise lingüístico migratoria, pola súa banda, amosou que a comunidade galega na RFA seguiu estratexias xustapostas á hora de enfrontarse á sociedade alemá e á comunidade española na que se circunscibiu. A maioría dos/as informantes tiña o galego como lingua inicial e adquiriu a lingua alemá de maneira rudimentaria. As redes lingüístico-sociais nas que se moveron foron, tanto no ámbito do lecer coma no da vivenda eminentemente migrantes e de orixe galego ou, en xeral, español. Tamén no traballo as empresas tenderon a contratar persoas dunha mesma nacionalidade. No ámbito familiar, a inmensa maioría de informantes emparellouse con persoas galegas. Así pois, a comunidade galega en Hannover tendeu cara a estratexia aculturativa da separación con respecto á sociedade alemá mentres que se inclinou cara a estratexia da integración no tocante á comunidade española na migración.

O caso da cidade de Hannover, como importante centro urbano e industrial de concentración de migrantes de orixe galega e, en xeral, española, pode considerarse como exemplo paradigmático da situación lingüística da comunidade galega na RFA. Queda por realizar estudos noutras zonas de Alemaña e/ou cun maior número de informantes para comprobar a validez dos datos acadados nesta investigación.

Referencias bibliográficas

- Angenot, M. (1982). *La parole pamphlétaire*. París: Payot.
- Becker, L. (2016). *Sprachnationalistische Bewegungen in der Romania*. Hamburg: Helmut Buske Verlag.
- Berry, J. W. (1996). "Acculturation and Psychological Adaptation". En K. J. Bade (ed.), *Migration - Ethnizität - Konflikt: Systemfragen und Fallstudien*. Osnabrück: Universitätsverlag Rasch, 171-186.
- de la Fuente Rodríguez, Y. M. (2003). "La emigración de retorno. Un fenómeno de actualidad". *Alternativas. Cuadernos de Trabajo Social*, 11(dic. 2003), 149-166. Publicado en: <http://rua.ua.es/dspace/bitstream/10045/5629/1/ALT_11_10.pdf>. [Consultado o 10 de maio de 2018].
- del Valle, J. (2017). "La perspectiva glotopolítica y la normatividad". *Anuario de Glotopolítica*, 1, 17-39.
- Delgado, J. M. (1966). *Anpassungsprobleme der spanischen Gastarbeiter in Deutschland eine sozialpsychologische Untersuchung*. Tese de doutoramento. Köln.
- Estévez Grossi, M. (2016). "La emigración española en Alemania y la jubilación: un análisis desde la Lingüística Migratoria y la Interpretación en los Servicios Públicos". *FITISPos International Journal*, 3, 42-58. Publicado en: <http://www3.uah.es/fitispos_ij/OJS/ojs-2.4.5/index.php/fitispos/article/download/95/124>. [Consultado o 10 de maio de 2018].
- Estévez Grossi, M. (2017a). "Community Interpreting research without direct empirical access: a methodological proposal". *Revista Canaria de Estudios Ingleses. Special Issue on Practices in Intercultural Mediation: Public Service Interpreting in Perspective*, 75(november 2017), 155-172. Publicado en: <https://riull.ull.es/xmlui/bitstream/handle/915/6971/RCEI_75_%282017%29_09.pdf>. [Consultado o 10 de maio de 2018].
- Estévez Grossi, M. (2017b). "Diachronic Research on Community Interpreting: Between Interpreting, Linguistics and Social Sciences". *Interdisciplinary encounters: Dimensions of interpreting studies*, 11-30.
- Estévez Grossi, M. (2017c). *La migración laboral gallega en Hannover: estrategias aculturativas e Interpretación en los Servicios Públicos*. Tese de doutoramente pendente de publicación. Stiftung Universität Hildesheim.
- Gualda Caballero, E. (2001). "Los procesos de integración social de la primera generación de «Gastarbeiter» españoles en Alemania". Servicio de Publicaciones de la Universidad de Huelva. Publicado en: <<http://rabida.uhu.es/dspace/bitstream/handle/10272/4333/b13213325.pdf>>. [Consultado o 10 de maio de 2018].
- Guespin, L. e Marcellesi, J.-B. (1986). "Pour la glotopolitique". *Langages*, 83, 5-34. Publicado en: <http://glotopol.univ-rouen.fr/telecharger/numero_1/arcglotopolitique.pdf>. [Consultado o 10 de maio de 2018].
- Gugenberger, E. (2007). "Aculturación e hibrididad lingüísticas en la migración: Propuesta de un modelo teórico-analítico para la lingüística de la migración". *Revista Internacional de Lingüística Iberoamericana*, 5(2 (10), Lengua y migración en el mundo hispanohablante), 21-45.
- Gugenberger, E. (2018). *Theorie und Empirie der Migrationslinguistik - Mit einer Studie zu den Galiciern und Galicierinnen in Argentinien*. Wien: LIT-Verlag.
- Kluge, B. (2007). "La acomodación lingüística en la migración: el nivel pragmático". *Revista Internacional de Lingüística Iberoamericana*, 5(2 (10), Lengua y migración en el mundo hispanohablante), 69-91.
- Krefeld, T. (2004). *Einführung in die Migrationslinguistik: von der Germania italiana in die Romania multipla*. Tübingen: Narr.
- Kuckartz, U. (2014a). *Qualitative Inhaltsanalyse. Methoden, Praxis, Computerunterstützung* (2.^a ed.). Weinheim e Basel: Beltz Juventa.
- Kuckartz, U. (2014b). *Qualitative Text Analysis: A Guide to Methods, Practice and Using Software*. London et al.: SAGE Publications Ltd.

- Leib, J. e Mertins, G. (1980). “Die Abwanderung spanischer Arbeitnehmer in die Bundesrepublik Deutschland. Umfang, Ursachen, Herkunfts- und Zielgebiete”. *ERDKUNDE*, 34(3), 195-206.
- Martínez Veiga, U. et al. (2000). *Situaciones de exclusión de los emigrantes españoles ancianos en Europa*. Federación de Asociaciones y Centros de Emigrantes Españoles en Francia et al.: París.
- Muñoz Sánchez, A. (2012). “Una introducción a la historia de la emigración española en la República Federal de Alemania (1960-1980)”. *Iberoamericana. América Latina, España, Portugal: Ensayos sobre letras, historia y sociedad. Notas. Reseñas iberoamericanas*, 12(46), 23-42. Publicado en: <http://www.iai.spk-berlin.de/fileadmin/dokumentenbibliothek/Iberoamericana/46-2012/46_Munoz_Sanchez.pdf>. [Consultado o 10 de maio de 2018].
- Narvaja de Arnoux, E. (2000). “La Glotopolítica: transformaciones de un campo disciplinario”. En *Lenguajes: teorías y prácticas. Primer Simposio de la Maestría en Ciencias del Lenguaje*. Buenos Aires, 1-17.
- Narvaja de Arnoux, E. e del Valle, J. (2010). “Las representaciones ideológicas del lenguaje: Discurso glotopolítico y panhispanismo”. *Spanish in Context*, 7(1), 1-24.
- Nelde, P. H. (1979). *Volkssprache und Kultursprache: Die gegenwärtige Lage des sprachlichen Übergangsbereiches im deutsch-belgisch-luxemburgischen Grenzraum*. Wiesbaden: F. Steiner.
- Pascual de Sans, A. (1993). “La migración de retorno en Europa: La construcción social de un mito”. *Polígonos: Revista de geografía*, 3, 89-104. Publicado en: <<http://revpubli.unileon.es/ojs/index.php/poligonos/article/view/1251/977>>. [Consultado o 10 de maio de 2018].
- Sanz Díaz, C. (2005). *Emigración española y movilización antifranquista en Alemania en los años sesenta* (Documento de trabajo de la Fundación 1º de Mayo No. 4). Madrid. Publicado en: <<http://www.2.mayo.ccoo.es/publicaciones/doctrab/doc405.pdf>>. [Consultado o 10 de maio de 2018].
- Sanz Díaz, C. (2006). “Las movilizaciones de los emigrantes españoles en Alemania bajo el franquismo. Protesta política y reivindicación sociolaboral”. *Migraciones e Exilios: Cuadernos de la Asociación para el estudio de los exilios y migraciones ibéricos contemporáneos*, 51-79. Publicado en: <<http://dialnet.unirioja.es/descarga/articulo/2321174.pdf>>. [Consultado o 10 de maio de 2018].
- Sanz Díaz, C. (2009): “Las relaciones del IEE con Alemania”, en: Salgado Calvo, Luis M./Fernández Vicente, María José/Kreienbrink, Axel/Sanz Díaz, Carlos/Sanz Lafuente, Gloria (eds.): *Historia del Instituto Español de Emigración*, Madrid: Ministerio de Trabajo e Inmigración, 167-188.
- Sanz Lafuente, G. (2006). “Mujeres españolas emigrantes y mercado laboral en Alemania, 1960-1975”. *Migraciones y exilios*, (7), 27-50. Publicado en: <http://www.aemic.org/assets/articulos/130/original/Gloria_Sanz_Lafuente_-_Migraciones_y_Exilios_7_-_2006.pdf>. [Consultado o 10 de maio de 2018].
- Sanz Lafuente, G. (2009). “Algunos condicionantes de la comunicación intercultural de los emigrantes españoles en Alemania. 1960-1967”. En C. Forcadell (ed.), *Razones de historiador. Magisterio y presencia de Juan José Carreras*. Zaragoza: Institución Fernando el Católico, 423-447. Publicado en: <<http://ifc.dpz.es/recursos/publicaciones/28/87/35sanzlafuente.pdf>>. [Consultado o 10 de maio de 2018].
- Sauvêtre, M. (2000). “De l’interprétariat au dialogue à trois. Pratiques européennes de l’interprétariat en milieu social”. *The Critical Link 2: Interpreters in the Community : Selected Papers from the Second International Conference on Interpreting in Legal, Health, and Social Service Settings, Vancouver, BC, Canada, 19-23 May 1998*, 35-45.
- Stehl, T. (2011). “Sprachen und Diskurse als Träger und Mittler mobiler Kulturen: Kommunikative Aspekte der Migrationslinguistik”. En T. Stehl (ed.), *Sprachen in mobilisierten Kulturen: Aspekte der Migrationslinguistik*. Potsdam: Universitätsverlag, 39-56.
- Zimmermann, K. e Morgenthaler García, L. (2007). “¿Lingüística y migración o lingüística de la migración?: De la construcción de un objeto científico hacia una nueva disciplina”. *Revista Internacional de Lingüística Iberoamericana*, 5(2 (10), Lengua y migración en el mundo hispanohablante), 7-19.